



"Para min escribir unha novela non significa mentir, todo o contrario, é a procura dunha verdade emocional"

[Ana G. Liste](#) 17 de outubro de 2025

<https://praza.gal/cultura/para-min-escribir-unha-novela-non-significa-mentir-todo-o-contrario-e-a-procura-dunha-verdade-emocional>

Antonio M. Fraga (Nogueirosa, Pontedeume, 1976) vaise ata Islandia para contar unha historia de nostalxia ben entendida, de descubertas íntimas e de amores tenros e sinceros. *Askja*, gañadora do **IV Premio Pinto e Maragota pola liberdade sexual e de xénero** que outorga o Concello de Pontevedra e editada por Xerais, está narrada dende a voz de Ana, a protagonista a través da que o escritor decide ollar o mundo nesta ocasión. Van nove anos dende que soubo que quería ambientar unha novela nesta illa xeadá, polo medio houbo unha pandemia, e dela incorporou a esta historia unha circunstancia que define a narración: o confinamento. Pero, por enriba de todo, Fraga constrúe un espazo seguro no que a súa protagonista pode escoitarse e escoller o que quere mentres, de fondo, o volcán Askja está en plena actividade.

Tras ler esta novela é preciso preguntar: ten fascinación polas illas?

Si, sinto certa fascinación polas illas, e tamén polos nortes xeográficos. Unha combinación de ambas cousas foi o que me levou en 2016 a viaxar a Islandia. Aluguei unha furgoneta coa intención de percorrer a illa enteira, pero decateime de que nos días que tiña que era imposible. Entón, viaxei pola costa sur, desde a capital, Reykjavík, ata os fiordes do leste do país. E como tiña medo de que durmir tantas noites na furgoneta afectase ás miñas costas decidín alugar un cuarto nametade da viaxe nunha vila pequena que se chama Djúpivogur. Esa noite, sen escuridade, porque viaxei en xuño, paseina na Guest House Hammersminni, que é onde se desenvolve despois a novela. Alí empecei tomar notas para escribir unha ficción relacionada con ese lugar, pero aínda sen moito foco, sen saber que era o que quería escribir.

A idea da novela partiu desa fascinación por estar nesa vila porque daquela eu tiña a sensación de que era o lugar máis afastado de todo onde estivera a miña vida. Era unha vila mariñeira, pequeniña, non especialmente bonita, sobre todo en comparación co resto do país, pero si que alí tiven esa sensación de estaba absolutamente lonxe de todo, e que me gustaría crear unha ficción centrada neste lugar.

Ten moita potencia atoparse nun lugar no que non recoñeces nada.

Si, porque aínda que sendo galegos temos en común ese alma de Fisterra, de fin do mundo, todo o demais era diferente. O paseo que da no comezo da novela a protagonista acompañada da súa parella é un paseo que din eu de noite, pero que non era noite, había unha luz estraña e permanente, case como a que sae dunha lámpada como velada por unha gasa. Este pasear entre a poalla ao borde do fiorde, ver os picos da montaña nevados en xuño... Esas sensacións recupereinas despois durante o proceso de escrita de *Askja*.

Como tivo a idea de situarse na voz de Ana para escribir esta novela? Ao avanzar na lectura semella que se puxera na pel dunha amiga para narrar esta historia.

Pode ser, pode ser. A escolla dunha protagonista feminina non foi casual. Eu procuraba unha afastamento para, dalgún xeito ou de moitos xeitos diferentes, poder falar de min; que é algo que nos encanta ás veces aos escritores, pero facelo con disimulo. Este afastamento levoume ao descubrimento e ao abraio. O que procurei foi deixarme impresionar e observar a vida a través dos ollos de Ana, que creo que é algo importante, sobre todo para as persoas que creamos: deixarnos impresionar polo outro, pola mirada allea, e tratar así un pouquiño de fuxir do inferno da uniformidade.

Si que manteño unha relación moi estreita con Ana, como se fose unha amiga, porque aproveitei moitas circunstancias, formas de ser e vivencias en común cos miñas amigas, iso axudoume moitísimo. Tamén proxectei cousas miñas en Ana, esa inquietude vital, o desexo de narrar e a necesidade de se explicar a través da narración, como ela fai na novela.

Por iso supoño que se percibe como un espazo seguro o libro.

Hai certas reflexións arredor da escrita que foron xurdindo de forma natural. Supoño que o feito de narrar para nos explicar está no propio centro da novela e que convertín a esta parella en escritores para poder contalo desde aí. Para Ana escribir é como un refuxio, está tamén no centro da novela a idea dese recoñecemento que ás veces tememos as persoas que creamos, que escribimos, e a forma de abordalo tan diferente con respecto a Xurxo [a parella da protagonista].

Seguramente Ana e Xurxo comparten ese amor pola literatura, o que pasa que Xurxo na altura que se narra na novela é completamente refén dese afán de recoñecemento permanente; mentres que Ana creo que observa ou define a escrita a través da observación, como paso seguinte á observación.

En que momento decide incluír que nese proceso de descuberta a protagonista tamén descubra unha parte da súa sexualidade, que probablemente estivera silenciada, mais sempre latente dentro dela?

A primeira idea era que Ana tivese unha relación afectivo-sexual cun dos hospedes varóns desa casa. Esa idea de descarteina axiña, pero si que a metín na novela como idea de Xurxo, burlándome da idea orixinal que tiña eu. Neste proceso de observar as interaccións de personaxes cheguei á conclusión de que Ana só podería sentir fascinación e desexo por Karen, que me parecía a persoa máis carismática, ou máis fascinante, das que estaban habitando eses días a casa. O feito de que fose unha muller a verdade é que non foi unha barreira, mais si que supuxo un reto porque quixen describir os encontros entre elas dun xeito que evitase o morbo que a mirada heteromasculina adoita introducir nas relacións entre mulleres. Iso si que era algo que me preocupaba, e mesmo me obsesionaba, e esta parte foi á que me acheguei con máis coidado. Despois, como pretendía que fose unha novela na que Ana se reflectise a si mesma,

que actuase un pouco como espello e como exploración, pois ese proceso de descubrimento dunha sexualidade diferente tamén pensei que era un factor positivo a introducir na novela.

Diría que nesta novela tamén está retratada iso que agora chamamos masculinidade fráxil?

Pois si, pode ser.

É que cantos Xurxos hai no mundo!

Si, si. É verdade. E aínda que as dúas personaxes principais son mulleres, é unha novela que fala moitísimo de homes. Como a protagonista fai esta reflexión para explicarse a si mesma, eu durante o proceso de escrita tamén quería explicarme a min dalgún xeito. Así que a novela fala dos homes que eu fun, dos que son actualmente e dos que me gustaría chegar a ser, pero tamén dos homes nos que temo converterme. Para min escribir unha novela non significa mentir, todo o contrario, é a procura dunha verdade emocional. Escribir é un xeito que atopo de manterme preto de min mesmo.

Nestes primeiros encontros co lectorado o personaxe de Xurxo está a provocar unha animadversión no lectorado, eu non a pretendía, de feito, pensei que se podería empatizar coas súas debilidades e defectos porque talvez algúns deles sexan tamén meus.

Non é doado atopar estas reflexións no debate público.

Xa, eu creo que falta moita conversa entre homes. Alén das conversas típicas entre homes, quero dicir. Cústanos moitísimo falar das nosas debilidades, por iso digo que a escrita é o xeito que teño de atoparme máis preto de min mesmo e, precisamente, quixen poñer no primeiro plano reflexións que fago a partir das miñas debilidades, defectos ou temores. Desas cousas que moitas veces non sabes como abordar, ou como afrontar, porque che faltan referencias. Tendemos a non amosar isto. Como lle pasa ao volcán, que non chega a entrar en erupción, ese magma sempre queda dentro de nós.

Na novela, inzada de referencias pop, hai –se se me permite a apreciación– unha impecable selección musical. Escoita música mentres escribe?

Si, escoito música mentres escribo pero ten que ser unha música moi concreta, tipo *ambient*. Axudoume moito na parte do mito que se narra na novela escoitar un disco de Sigur Rós, que por certo son islandeses, pero non aparecen nomeados no libro a pesar de que realmente foi a música que máis me acompañou durante todo o proceso de escrita.

Pero aportaron o contexto para escribir.

Pois si, porque Ana contempla a súa vida polo retrovisor cunha nostalxia serena que creo que eu non posúo, eu son moito máis reticente ao paso do tempo e creo que é porque romantizo en exceso o pasado. Por iso esta novela é tamén un exercicio de nostalxia autorreferencial. En *Askja* aproveite para falar duns espazos e duns tempos concretos dos que disfrutei, e que boto en falta porque basicamente boto en falta a xuventude. A música axudoume a recrear estes espazos e estes tempos, foi tamén un exercicio de nostalxia: levoume a percorrer de novo bares e pubs, a ir a concertos con amigas, a revivir experiencias intensas como unha que relata Ana de estar a piques de ser esmagado por unha turba de ingleses borrachos a ritmo dos Strokes ou escoitar por primeira vez nos noventa Pearl Jam e Sonic Youth no meu cuarto de adolescente.

Tamén está presente na novela a cuestión da maternidade e da paternidade. De feito, hai unha referencia sobre que a filla que ten a protagonista se converteu no seu “centro de gravidade

permanente”, que ademais é outra referencia musical, pero resume moi ben o que supón a chegada das crianzas á túa vida.

É que mira que te preparan, eu son pai dunha nena de seis anos, e mira que che di a xente que ten fillos que che vai cambiar a vida... Pero por moito que cho expliquen non podes chegar a imaxinar a potencia dese cambio, o radical que é porque cambias o teu xeito de sentir, as túas prioridades, etcétera... Nesa nova paternidade de Ana e da paternidade do personaxe de Dani, que parece que non atopa o seu sitio, tirei máis de experiencias persoais. Eu non marchei da casa, pero si que é certo que a conexión da nai e o fillo ou filla nos primeiros momentos é tan física, tan animal, que o pai moitas veces non sabe que facer nin como axudar. Eu cheguei a sentirme desprazado por esa cuestión e iso tamén te conduce a unha serie de frustracións. Hai pouco escoitei a alguén dicir que debera estar prohibido que as parellas se separen durante os primeiros dous anos de vida dunha criatura porque sería o cómodo para un home.

Cando xa tiña rematada *Askja* puido ir a unha illa para escribir, neste caso moito máis preto da casa. Que estaba escribindo cando estivo na residencia literaria da Illa de San Simón o ano pasado?

Unha novela infantil que xa teño rematada e espero que Xerais publique para o ano que vén. Hai tempo escribín *Papá Canibal*, que xogaba cun humor absurdo e por momentos macabro que gustou bastante entre a rapazada. Isto non é unha segunda parte, pode ser máis ben un *spin-off* dun dos personaxes cos que me apetecía reencontrarme: o policía Efebeí. A nova novela vaise chamar *Criaturiña* e tamén vai estar ilustrada por Santi Gutiérrez. O que fixen en San Simón foi traballar na estrutura desta novela, de feito, a estadia na illa e a convivencia coas persoas que estaban alí resultoume moi enriquecedora.